

O mellor agasallo, un libro!




Os Minimortos.

Autora: Leticia Costas

Os Minimortos son unha cuadrilla de nenos moi diferentes a ti: son nenos de ultratumba. Agardan polos seus pais no Outro Barrio, un lugar de paso onde teñen liberdade para facer o que lles pete. Todo cambia o día que chega Catacrak, un cativo que quere regresar ao mundo dos vivos. Os Minimortos terán que empregar o seu enxeño para axudalo. Conseguirán que Catacrak regrese á vida?

"Brian, o Chinés" (Primeiro Premio de Novela Xosé Neira Vilas) é unha novela sobre un mundo de emocións gurgullante ao redor dun neno con síndrome de Down, dende os seus primeiros anos na escola ata a súa adolescencia. Durante este tempo, Brian vai sentíndose parte dun grupo –formado por amigos, mestres, familia...– no que se sente cómodo e co que vive grandes experiencias. Pero este percorrido non sempre é doado, ás veces debe enfrontarse a situacións problemáticas que van cambiar o rumbo dos seus días. Atrapa dende a primeira páxina.



Ellas también cuentan

É o Día da Ciencia, e nos seus traballos sobre grandes científicos do pasado Sebas, Daniela e o resto da clase olvidáronse de incluír mulleres. A directora do colexio Verne decide embarcalos nunha viaxe máxica que os levará a coñecer a grandes ceintíficas, como Hipatia, Ada Lovelace, Hedy Lamarr ou Jane Goodall

Ademais de divertirse coa lectura, aprenderán moitas cousas sobre e a vida e as aportacións dalgunhas das principais mulleres ceintíficas da historia.

Plan de rescate

Xeila, Heitor, Aldán e Noela están traballando na aula de apoio da súa escola cando algo raro acontece. Oen un estrondo e a profe Xoana, que vai comprobar que pasou, desaparece. Onde estará? E o resto do colexio? Por que anda a policía fóra? Como di Noela: prepárate para vivir unha aventura na que hai escopetas, sangue, xuramentos e ata un plan de rescate, pero tamén un chisco de amizade, compañeirismo, traballo en equipo e mesmo algo de amor (puaggg, que noxo!).



Mafalda. Todas las tiras

Polémica, concienciada e encantadora. Agora, por primeira vez, nun só volumen todas as tiras da nena arxentina máis famosa de todos os tempos. Da primeira á última tira, poderás desfrutar de Mafalda, os seus amigos e a súa familia.

China: grandes secretos para pequeños viajeros

É un libro sobre o país que estamos investigando este curso: China. Conta cousas increíbles sobre imperios antigos, artes marciais, o descubrimento da pólvora, a primeira taza de té... Espéranse divertidas historias sobre unha China que vas querer coñecer o antes posible.

